



SOLICITUDE VER EXAMES

Os/as estudantes que solicitaran **revisión** poderán **solicitar ver o exame** corrixido.

Tal como figura na convocatoria das ABAU, a solicitude deberán presentala por escrito nos LERDs no prazo do día 1 ao 5 de outubro (ata as 14:00h do 5 de outubro)

A data para ver os exames é o próximo 9 de outubro na Facultade de Dereito de Santiago de Compostela, no horario e aula que se comunicará nesta web.

De non acudir nesa data e horario que se marcará, perderase o dereito a ver os exames.

Segundo establece a Resolución do 26 de febreiro de 2020, conxunta da Secretaria xeral de Universidades e da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na cláusula sétima. 3 -. “O alumnado e, se é o caso, os pais, nais ou titores legais terán dereito a ver as probas revisadas unha vez finalizado o proceso de revisión, no prazo de dez días desde a notificación da resolución de revisión e segundo os termos do artigo”.

Polo tanto poderá ver os exames corrixidos unha única persoa que será:

a) O/a alumno/a ou a nai/pai/titor legal, a decidir entre eles, cando o alumno/a sexa menor de idade. En caso de ser a nai/pai/titor legal quen vaia ver o exame corrixido, deberá achegar libro de familia ou documento equivalente no que se xustifique que esa persoa é nai/pai/titor dese alumno/a.

b) O/a alumno/a en caso de ser maior de idade. En caso de que desexe que a nai/pai/titor sexa quen vexa o exame, deberase achegar poder notarial na que o/a alumno/a autorice esa nai/pai/titor para ver o exame. Ademais deberase achegar libro de familia ou documento equivalente no que se xustifique que esa persoa é nai/pai/titor dese alumno/a.